

⊕

Adiviña quen vén cear (1):
«A primeira vez»

Tamén o sol se duplicaba, coma se non lle abondase fustrigar dende aló enriba e quixese axudarse do mar para confundilo. Vaites! Era posible que ela e mais el... quería dicir... que ambos os dous... ao mesmo tempo...? Deixou que os ollos remontasen outra volta o camiño deica as dunas e ergueu con disimulo o pescozo para poder mirar máis directamente. Vexamos, matinou: *unha muller ao volante dun coche, con probabilidade un deportivo, por aí dos anos vinte ou trinta, aínda que as datas, antes de suxerilas esa máquina da que apenas se adiviña un cachiño de chasis, veñen dadas por ese rostro de grandes labios pintados emerxendo dunha evanescente composición de estola, bufanda e casquete.* Non, non había equivocación posible. Ela e el, ambos os dous, tiñan nas mans un libro que ilustraba a súa portada co mesmo debuxo, ao cabo o coñecidísimo *Tamara no Bugatti verde*, da non menos coñecida Tamara de Lempicka. A coincidencia xa sería grande de seu como para arrincar algunha fascinada reflexión sobre a casualidade e aínda o azar, de non ser porque o libro, efectivamente o mesmo, non era para el a máis ou menos afortunada escolla para unha tarde de lec-

tura, senón un obxecto sobre o que recaían a partes iguais enormes cantidades de vaidade e de cansazo. Tratábase da súa última novela, acabada de saír coma quen di do forno, e cabo dese pequeno capricho de non arredarse dela durante os seus primeiros días de vida (manía que incansablemente repetía volume tras volume, sen ter ocasión de saber se aquilo reportaba algún tipo de beneficio *en algures*), aí estaba a angueira desa primeira lectura cun lapis do dous na busca das erratas que as galeradas pasaran por alto.

Era a primeira vez que lle sucedía algo parecido. Porque, a ver... A rapaza de alá diante, a da toalla fucsia, a que apertaba os xeonllos mentres peneiraba a area coas dedas, ía e desbotaba calquera outra alternativa complementaria aos baños de sol (dormir, escoitar música, mandar mensaxes co móbil) e mataba a tarde —esa lenta e luminosísima tarde de finais de xullo— dando conta dun libro. Mais non un libro calquera, non señor, senón un *condenado-libro-SEU*. Non un deses grosos volumes de Stephen King ou de Ken Follett. Non un deses títulos de Vargas Llosa reeditados en rústica no ronsel do Premio Nobel. Non un deses ladrillos de corte histórico con conspiración relixiosa polo medio. Nin sequera un deses *manolorrivas* cos que a xente adoita sacudir a mala conciencia. A rapaza lía *UN LIBRO SEU*, e aínda que de socato varrese a praia un tsunami coma o de Fukushima (o pensamento era enteiramente desafortunado), iso non ía mudar nin unha chisca o que xa parecía tan incuestionable coma unha verdade científica.

Sentiuse tan inopinadamente satisfeito que aínda estivo un bo anaco preguntándose se non habería algo insán nesa desbordante gana de berrar que lle rubía pola garganta. Berrar! Non fixo tal, sobra dicilo, mais a corrente de electricidade que comezou a fluír devagar polos seus membros, encrespando ata a última peluxe do corpo, porfiaba en advertilo de que, contra todo o

que puidese anticipar o correúdo croissant do almorzo, aquel día que apenas acababa de rebordar a media tarde ía ser, e xa só por iso, un deses contados días onde os máis calados desexos, onde as cousas que un leva agardando en segredo toda unha vida...

Ben. Por suposto que tiña a certeza de que a xente lía os seus libros. E como non! Aí estaban as listas de vendas, os cheques polos dereitos de autor, e mesmo aqueles correos electrónicos que lle rebotaba dende a universidade a xente da Biblioteca Virtual Galega, non sempre de antigos compañeiros de colexio estrañados –cando non abertamente divertidos– polo tipo de ocupación que buscara. Porque sen ser nin moito menos un deses cracks que disputan a cara de can os axentes literarios, aí estaba esa carreira que ao cabo do tempo podía ofrecer uns números certamente respectables. Trinta? Corenta? Cincuenta mil libros vendidos? Vinte anos, matinou, dan para moito. Mesmo para ilusionarse, desenganarse e consolarse ao cabo con aquelas contas que, a forza de sumar lustros, citas co prelo e algunha que outra mentira piadosa, arrebolaban uns resultados que se podían manexar en calquera conversa sen o risco de sentir un afiado silencio escorregando polas costas. Porén (e volvía ao punto de partida) era a primeira vez en toda a súa carreira que...

O certo é que xa tivera ocasión, vencendo o imperativo de non mostrarse demasiado vulnerable, de falar ao cumprido con algún colega sobre ese momento no que un atina a *comprender verdadeiramente* en que consiste aquilo que lle vén ocupando unha boa parte da xornada, polo común, dende os vellos e confusos días da adolescencia. Dálle que si. Había quen, malia sumar con certeza menos obra publicada, confesaba con orgullo un par de encontros con lectores *desprevistos* –co cualificativo referíanse aos que non anticipaban o momento fotografándose cos libros na mesma porta da casa–, unha aventura que, tocante ao escenario, amosaba tal variedade de loca-

lizacións que parecía un tanto estúpido falar de regras: se algúns mencionaban un aeroporto ou unha estación de buses ou ferrocarril, outros describían un parque máis ou menos frondoso ou a máis ou menos atinada decoración dunha cervexería, dunha cafetería, dunha taberna calquera. El –non se tiña por ningún chimpancé supersticioso– sabía que no sarillo só operaba a lei de probabilidades. Ou sexa, matemáticas (ou era estatística?). Non obstante (e a adversativa fíxoselle tan cuestionable coma o feito de ver aí certa incompatibilidade), escoitar aquelas confesións e sentir os seus autores tocados por unha variáa máxica...

Fose como fose, aí estaba, a cinco, seis, acaso sete metros, o seu seis dobre, a súa escaleira de cor, o papeliño coas súas seis cifras máis o número complementario. Que facía que engurra- ba o nariz? Que facía que estricaba os beizos logo de encrespalos –coma quen asubía– apenas un segundo? Dispúñase a pasar a páxina? Dáballe a volta ao volume co propósito de comprobar algunha cousa? Correu a imitala para así quedar, fite a fite, coa fotografía en branco e negro da contracuberta. Cando volveu recoñecerse na instantánea de Xurxo Lobato, a que o vía retor- cerse nunha butaca do Hostal dos Reis Católicos cunha pose entre distraída e fachendosa –a patilla dereita das lentes, coma un gancho, desprendendo un belfo cárnico e brillante–, deu en preguntarse se o *retratado* había gardar unha mínima relación con ese tipo que agora gabeaba a golpe de cadrís pola súa fráxil cadeira metálica. Ben. Estaba por xurar que non; que había que ser un suxeito especialmente observador –e acaso dotado de extraordinarias habilidades forenses– para emparentar esa espe- cie de *dandy-demodé* en branco e negro con aquel suorento fula- no en traxe de baño, co rostro dilatado pola calor e o cabelo amazocado polo salitre (o espello das lentes non fixera máis ca confirmar as súas suposicións a este último respecto).

Unha-muller-está-a-ler-unha-novela-miña-neste-preciso-momento, bisbou, aproveitando a arrastrada expiración coa que a súa barriga cobraba durante uns segundos o seu verdadeiro aspecto, algo a medio camiño entre un timbal e unha pelella. Gustáballe? A novela, quería dicir. Pagáballe a pena baixar un libro á praia, baixo todos os puntos de vista un dos peores lugares para entregarse á lectura? Avidamente buscou algún tic, algún aceno, algunha luz naquel rostro bronceado, quixo crer que levemente iluminado pola refracción do sol no papel. A escuridade das súas lentes permitía un exame directo, case en fite, de aí que se entregase á angueira sen escrúpulo ningún, con toda naturalidade, coma quen senta diante do televisor logo dunha longa mañá na oficina. Porén, ao cabo dun par de minutos desistiu da idea. Quitando o sutil alporizamento das cellas –que tanto podían informar dunha gozosa concentración coma dunha condenada cefalalxia–, era ben difícil distinguir algunha expresión, xa fose de compracencia ou de desgusto. Foi así que deixou de lado a teima primeira e contentouse cunha contemplación de corte superficial, diríase que a estritamente necesaria para fixar na memoria a cobizada imaxe dun lector seu.

Antes de seguir cómpre, así e todo, deixar algunhas cousas claras. Fóra de non compartir en absoluto esas teorías que teimaban en ver na creación artística unha *estratexia de apareamento* tan vulgar ou tan sofisticada coma calquera outra, a realidade é que o seu interese carecía por completo da máis mínima connotación sexual. Ben. Era unha muller, e nova, e de estar a especie en perigo de extinción ou de anunciaren as sirenas os últimos minutos de *todo isto...* Vaites. Talvez esaxeraba un pouco. O que se quere dicir é que, sen ver de ningún modo castidade na súa ollada –a ollada dun escritor nunca pode ser casta, o contrario é coma se confiásemos unha ope-

ración a un cirurxián inimigo declarado do bisturí—, tampouco estaba máis repleta de apetito ou carnalidade que a común das miradas que lle podía dirixir a unha muller de entre dezaioito e cincuenta e cinco anos ao longo do día. E non é que non puidese gozar de certo atractivo. Sinxelamente: postos a falar do asunto, non era nin de lonxe o seu tipo. Loura, bronceada e esvelta —ben: talvez en exceso, había demasiada continuidade entre as coxas, os xeonllos e as tibias—, guiábase con paso firme nesa corda frouxa entre a mocidade e a primeira madurez que alguén, xa non lembraba, pretendía situar cientificamente nos trinta. Tiña o pulso estreito e os dedos longos —extraordinariamente longos— e os ollos dunha cor así entre malva e azul, coma esas cunchas irisadas e filiformes que se esmigallan entre os dedos ao mínimo contacto. E o pudor suficiente como para conservar, malia a fogaxe da xeira, a parte superior do bikini. Vaites. Mesmo cando deu a volta para pórse boca abaixo, desfacéndolle os nós cun hábil destrenzar de dedos, tivo bo coidado de situar no lugar axeitado o bronceador e o paquete de tabaco para agochar a nudez deses, os seus cativos peitos brancos.

Sen saber moi ben por que, sentiu certa fascinación por ese inxenuo aceno de prevención e de vergoña. Talvez, quen sabe, fose o contraste, o enérxico contrapunto a aquela danza multitudinaria de tetas brillantes desatada ao seu redor, o auténtico paraíso para o adolescente onanista e mirón que fora un día. Mágoa que (a)o paraíso sempre (se) chegue tarde. Coma ese tren ou ese avión que nunca espera. En fin! Tampouco é que lle desgustase a proliferación do topless nese abano de idade cada vez máis amplo. En certa maneira, remataba por estricar unha miga máis esa liña de convencemento de que a praia iguala, de que as sandalias, e as toallas, e os traxes de baño non son máis ca pequenas bombas de man contra as diferenzas de clase. Xao-

ra que si: canto máis nus nos amosamos, máis nos parecemos todos. Ou non?

Perdido nestes aceitosos pensamentos, aínda tardou un anaquiño en decatarse de que a súa lectora, cuberta cun lixeiro vestido branco, recollía devagar as cousas e sacudía a toalla disposta a deixar dun momento a outro a praia. Véndoa alí, de pé, sen que a postura ou a gravidade alterase tan perceptiblemente a súa figura, tivo ocasión de completar o seu cadro primeiro. Máis ca loura, tratábase dunha muller case albina, de aí que, non sendo polo salitre ou polos exiguos restos da crema solar, apenas se lle puidese percibir o contorno das cellas. O seu bronceado, a primeira vista uniforme, non deixaba porén de revelar, cabo daquela brancura intuída dos peitos, algunhas zonas que, a forza de sumar porcións de pel rubia, ben podían ilustrar os resultados dunha exposición solar demasiado prolongada. O que non mudou –ou se o fixo, axudou a soterrar definitivamente calquera ameaza de desexo– foi a súa extrema delgadeza. Parecía completamente un ser asexuado; un anxo ou talvez un deses seres andróxinos que tantos crebacabezas causaron aos estetas con tanta vida no lombo coma pouco sentido. Quixo prestarlle unha perruca a lord Alfred Douglas, o amigo de Wilde –alí, sentado ao seu carón, cun sombreiro de palla derriba dos xeonllos e a *man* do oso irlandés nas costas–, mais os seus intentos por lembrar esa vella fotografía víanse suplidos pola instantánea evocación dese fotograma onde Dirk Bogarde, coa peripatética tintura capilar escorregándolle pola cara, se debatía entre a vida e a morte nunha hamaca mentres o actor que interpretaba a Tazio, o mozo louro, delicado, anxelical...

Cando as gaivotas o rescataron do seu ensimesmamento, a súa lectora xa non estaba.

Mais o sol seguía aí, no mar, xogando a duplicarse.